

Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal dun segundo tractorista con traballos esporádicos de peón de servizos múltiples (tarefas de mantemento e xardineiría) ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Oza-Cesuras para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais asinado o cinco de maio de 2025 e cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, e unha vez emitido o informe da encargada do rexistro xeral municipal, no que se indica, que non se presentou ningunha solicitude para dito posto declarándose deserto dito proceso selectivo convocado (CSV:9PCGLSYF6RE9P242J44YYYC96)

Resultando a urxencia da contratación dun segundo tractorista que permita completar as tarefas indicadas, tendo en conta que na cláusula DÉCIMO SEXTA de dito convenio de colaboración, indícase no apartado 1 que o prazo de xustificación. para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado “*o prazo de presentación da documentación xustificativa das actuacións obxecto deste convenio comeza ao día seguinte da finalización da actuación de que se trate e remata o 30 de setembro de cada ano*”

Esta Alcaldía en exercicio das atribucións que legalmente lle corresponden RESOLVE:

PRIMEIRO: Abrir unha **nova convocatoria urxente** cun prazo de presentación de solicitudes ata as 13:30 horas do día 3 de setembro de 2025 para que os interesados no posto de tractorista, que reúnan os requisitos esixidos na base 3 das que rexen a provisión (código de validación: : GX9AXPKFS5ZLG77FKAZKFYESZ) presenten a documentación necesaria para optar ao dito posto de traballo temporal.

SEGUNDO: As bases que rexen a selección do citado posto de traballo dun segundo tractorista que desenvolverá traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Oza-Cesuras para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais son as de data 27/08/2025 que foron publicadas





Concello de Oza-Cesuras

na páxina web do concello o 27/07/2025 co código de validación GX9AXPKFS5ZLG77FKAZKFYESZ.

TERCEIRO: No tocante o apartado do prazo de presentación de instancias da base 4, onde di “O prazo para a presentación de solicitudes será ata as 10:00 horas do vindeiro 1 de setembro de 2025” enténdese que “O prazo de presentación de solicitudes será ata as 13:30 horas do día 3 de setembro de 2025”

CUARTO: Publicar na páxina web do Concello o presente acordo, de apertura do novo prazo de presentación de solicitudes da convocatoria urxente de contratación.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

O Alcalde,

A secretaria accidental

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- M^a Belén García Otero

